

# ESTE NADAL, ROMPE COS ESTEREOTIPOS

## DECÁLOGO PARA AGASALLAR CON IGUALDADE

1. As nenas e nenos aprenden xogando. O xogo é libre e espontáneo. Non existen xoguetes de nenos ou de nenas.
2. As cores tampouco teñen sexo, non llo asignemos. Só existe un número infinito de cores para poder pintar o mundo. Non limitemos a súa creatividade.
3. Todas e todos somos iguais, pero tamén diferentes. Agasallemos xoguetes que reflectan a diversidade de cada persoa.
4. Fomentemos o uso de xoguetes didácticos, cooperativos, e evitemos escoller aqueles que fagan uso da violencia para acadar algún fin.
5. Elixamos xoguetes que reúnan a nenas e nenos nun mesmo espazo, compartindo e xerando lazos de afectividade.
6. Busquemos xoguetes que axuden ao desenvolvemento de sentimentos e afectos, sen diferenciación entre nenos e nenas.
7. Se agasallamos un libro, lembremos seleccionar aquel cuxa historia ou protagonistas non xiren en torno a persoas masculinas exclusivamente. As mulleres tamén son parte da historia.
8. Elixamos xoguetes, xogos e videoxogos que presenten modelos de nenas e nenos coas mesmas capacidades, habilidades e tarefas cotiás.
9. Deixemos que as nenas e nenos elixan os xoguetes e xogos sen que o sexo os condicione. Permitamos que o xogo sexa libre e que experimenten con diferentes papeis.
10. Ensinémoslles no presente a compartir xogos para que no futuro tamén compartan traballos e responsabilidades.

**O xogo é unha poderosa ferramenta educativa,  
indispensábel para o desenvolvemento da nena e do neno.**

# A IGUALDADE TAMÉN SE FAI XOGANDO

